



SESIÓN ORDINARIA DE DEZASETE DE NOVIEMBRE DE DOUS MIL VINTE E TRES

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D^a. M^a del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Daniel García Fernández

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **dezasete de novembro de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o señor deputado D. Iván Castro Díaz.

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	1/144



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZ DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dez de novembro de dous mil vinte e tres que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EMULSIÓN ASFÁLTICA C65B3 TRG (ASIMILABLE A ANTIGA ECR-2) DE ACORDO CA NORMA UNE-EN 13808:2013. 1ª MODIFICACIÓN XULLO 2014 PARA O PARQUE MÓBIL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración de emulsión asfáltica C65B3 TRG (asimilable a antiga ECR-2) de acordo ca norma UNE-EN 13808:2013. 1ª modificación xullo 2014 para o Parque Móbil da Deputación provincial de Lugo. expediente nº: 2023/CON_02/000052, consta no mesmo:

- 1.- Proposta de inicio de expediente e memoria xustificativa do contrato con CSV: IV7PFUPD3NMIXCEYSYMT74CC44¹.
- 2.- Prego de prescricións técnicas, asinado polo Xefe do Parque Móbil, con CSV: IV7PEPJINREMLK5KWVXQ6VYGGGE.
- 3.- Informe de Intervención Xeral con CSV: IV7PGDC5JAPLL6BY45VAONSOKM.
- 4.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7WUSY3PXWDJ2P66UOMG4SOJ4.
- 5.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7WUSY6LRR7ZWODQFPGIHYF4Y.
- 6.- Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	2/144





1º.- Aprobar a contratación da subministración de emulsión asfáltica C65B3 TRG (asimilable a antiga ECR-2) de acordo ca norma UNE-EN 13808:2013. 1ª modificación xullo 2014 para o Parque Móbil da Deputación provincial de Lugo. expediente nº: 2023/CON_02/000069 para unha duración de seis meses, prorrogable por seis meses mais.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 593.750,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 124.687,50 €, o que fai un total de 718.437,50 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.

A presente proposta de gasto anticipado cumpre o establecido no artigo 117.2 da LCSP e na base 18ª de execución do Orzamento Xeral.

O gasto financiarase con cargo a anualidade 2024 polo que a Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento de 2024 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	3/144



3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ÁRIDOS PARA O PARQUE MÓBIL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración de áridos para o Parque Móbil, expediente 2023/CON_02/000071, consta no mesmo:

1. Orde de inicio do expediente e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7PHTY3ZYUDZKMOCF5SGZAPNY².
2. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7PGSDPAFH57BNPTUHUIMSDIM.
3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7PGDTC3EZZTGET4NEEMFJEKY.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7WUSZ4DH5J5H7CZUONOBSDKQ.
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7WUSYKCE7Y33ZDY4V4BYZ7KU.
6. Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración de áridos para o Parque Móbil, expediente 2023/CON_02/000071, cun prazo de duración de dous anos, susceptible de dúas prórrogas anuais.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

²Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	4/144





3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 311.468,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 65.408,28 €, o que fai un total de 376.876,28 €, atendendo ao seguinte desglose:

Anualidade 2024: 188.438,14

Anualidade 2025: 188.438,14

A presente proposta de gasto anticipado cumpre o establecido no artigo 117.2 da LCSP e na base 18ª de execución do Orzamento Xeral.

O gasto financiarase con cargo ás anualidades 2024 e 2025 polo que a deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos de 2024 e 2025 as cantidades indicadas nas aplicacións sinaladas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE EXECUCIÓN DE DIVERSAS OPERACIÓNS DE CONSERVACIÓN NA REDE VIARIA PROVINCIAL, LOTES (ZONAS) 1 A 8, 2024-2025.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de Contratación por lotes do servizo de execución de diversas operacións de conservación na Rede Viaria Provincial, lotes (zonas) 1 a 8. anualidade 2024-2025. Expediente nº: 2023/CON_02/000073, consta no mesmo:

1. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7PHQB3BDZ7RDFNCT4RDZ3UK4.

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	5/144



2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7WUTKK3MBTVPFI64HFCBY6AQ.
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7PHQB3YEHIZ663XVGTE5XFIY.
4. Informe de personal con dereito a subrogación.
5. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7WUW35NFXPKWG5UEXNMEQT4Q.
6. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado polo Secretario Xeral, con CSV: IV7WUW3TPA46RDGPQP7HMERQAE.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación por lotes do Servizo de execución de diversas operacións de conservación na Rede Viaria Provincial, lotes (zonas) 1 a 8. Anualidade 2024-2025. Expediente nº: 2023/CON_02/000073.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, contemplando a modalidade do procedemento e plena definición das prestacións a contratar.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es). O prazo de presentación de proposicións, nesta modalidade de contratación de servizos suxeita a regulación harmonizada, será de 30 días naturais, contados desde a data de envío ao DOUE, precisando na Plataforma de Contratos do Sector Público o último día para presentar proposicións (art. 156.2 e 156.3 ap.c) da LCSP).

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	6/144





4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a O orzamento base de licitación deste contrato ascende a 2.892.910,38 euros máis 607.511,18 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un cómputo total de 3.500.421,56 euros e está integrado polos seguintes conceptos desglosados por lotes:

Presupuesto base de licitación total del contrato: 3.500.421,56 €

	Zona 1	Zona 2	Zona 3	Zona 4	Zona 5	Zona 6	Zona 7	Zona 8
Anualidad 2024 (€)	304.296,25	361.735,59	370.584,34	357.392,53	337.708,79	339.130,44	335.327,06	394.162,25
Anualidad 2025 (€)	76.074,06	90.433,90	92.646,08	89.348,13	84.427,20	84.782,61	83.831,77	98.540,56
Presupuesto base de licitación (€):	380.370,31	452.169,49	463.230,42	446.740,66	422.135,99	423.913,05	419.158,83	492.702,81

5º.- O prezo total incluído IVE ascende a 3.500.421,56 euros e financiase dacordo as seguintes anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE	RC
2024	2.800.337,25 euros	220239/732
2025	700.084,31 euros	220239/732
TOTAL	3.500.421,56 euros	

2º) O presente contrato trátase dun gasto anticipado segundo o establecido no artigo 117.2 da LCSP e na base 18ª de execución do Orzamento Xeral.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2024 e 2025, as cantidades de 2.800.337,25 euros e 700.084,31 euros respectivamente nas aplicacións orzamentarias que correspondan.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PAPEL DE FIBRA VIRXE PARA A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a acta da mesa de contratación do día 8 de novembro de 2023, na que se recolle o seguinte:

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	7/144



“Antecedentes.

Providencia de inicio e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7P4KD53AXZZKONQAFGMYRAKA.

Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7P4KB72EH7RSRLUBGHAE2BIM.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7P4KCCHBFJ5JO6SZMWAHQCC.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7P6SR3DZJ4UXJOYJMXEULHP4.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7P6WPMNVW3RSB5C7VXKYAE4Y.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7P62AKDT4MTKXIA5QUA4RXGM.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7P6YCSPJP7ZHKG64VRKULRCM.

Acordo da Xunta de Goberno do 22 de setembro do 2023, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7P6KX4ZYBZ7LGN4YF4MYIAJ4.

Anuncio de licitación, publicado na plataforma de contratación do sector público o día 29 de setembro do 2023.

Acta da Mesa de Contratación do día 20 de outubro do 2023, con CSV: IV7PETBJF3R4T6PT4JHGEAB7C4, na que se recolle o seguinte:

“Segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento son os seguintes:

Gersa Informatica SL.

Hermanos Izquierdo Miñano, S.L.

Kalamazoo Productos de Oficina S.L.U.

Linea Papel.

Lyreco España S.A.

Sistemas de Oficina de Lugo, S.A.

A documentación administrativa presentada polas empresas é correcta tanto en forma coma en prazo. A Mesa de contratación acorda admitir as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procédese ao exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas), cos seguintes resultados:

LICITADORES	OFERTA - % DESCONTO
GERSA INFORMATICA SL	30,00%
HERMANOS IZQUIERDO MIÑANO, S.L.	43,05%
KALAMAZOO PRODUCTOS DE OFICINA S.L.U.	43,20%
LINEA PAPEL	35,00%
LYRECO ESPAÑA S.A.	17,10%
SISTEMAS DE OFICINA DE LUGO, S.A.	19,20%

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	8/144





Acto seguido, procedeuse á valoración dos criterios avaliados automaticamente, co seguinte resultado:

N.º ORDE	LICITADORES	OFERTA - % DESCONTO
1	KALAMAZOO PRODUCTOS DE OFICINA S.L.U.	43,20%
2	HERMANOS IZQUIERDO MIÑANO, S.L.	43,05%
3	LINEA PAPEL	35,00%
4	GERSA INFORMATICA SL	30,00%
5	SISTEMAS DE OFICINA DE LUGO, S.A.	19,20%
6	LYRECO ESPAÑA S.A.	17,10%

A continuación, realízase o cálculo para identificar a existencia de posibles baixas desproporcionadas ou anormais, sendo o resultado o seguinte:

OFERTAS PRESENTADAS	Porcentaje de Baja sobre precio base licitación	Primer Filtro	¿Baja Temeraria?
GERSA INFORMATICA SL	30,00 %	Se incluye	No es Baja Temeraria
HERMANOS IZQUIERDO MIÑANO, S.L.	43,05 %	Se incluye	No es Baja Temeraria
KALAMAZOO PRODUCTOS DE OFICINA S.L.U.	43,20 %	Se incluye	No es Baja Temeraria
LINEA PAPEL	35,00 %	Se incluye	No es Baja Temeraria
LYRECO ESPAÑA S.A.	17,10 %	No se incluye	No es Baja Temeraria
SISTEMAS DE OFICINA DE LUGO, S.A.	19,20 %	No se incluye	No es Baja Temeraria
Porcentaje de Baja a partir del cual se considera BAJA TEMERARIA e importe de la oferta, en valores absolutos, a partir del cual tiene esa consideración (Media Aritmética Ofertas incluidas menos 10 unidades porcentuales)		44,03 %	8.386,81 €

Conforme á cláusula 17.2 do PCAP, no caso de que sexa precisa documentación adicional á existente nos rexistros públicos, que complementa á información extraída da consulta do Rexistro de Licitadores, de cara a verificar a capacidade para contratar, aplicárase o previsto nos artigos 65 a 73 da LCSP. A estes efectos, e para complementar, unicamente, a información reportada por algún dos Rexistros de Licitadores de referencia por existir algunha dúbida, a Mesa de Contratación poderá requirir (no prazo de sete días hábiles previsto no artigo 159.4 da LCSP) dita documentación.

Visto o que antecede, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade requirir á empresa Kalamazoo Productos de Oficina S.L.U. para que, no prazo de sete días hábiles, achegue a documentación relacionada na cláusula décimo sétima do PCAP, de conformidade co artigo 159.4 da LCSP, sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	9/144



o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Contra o presente acto, por tratarse de un acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

A Mesa de contratación faculta ao Servizo de Contratación para recabar todos os informes, certificados e bastanteos que sexan necesarios para a adxudicación.”

Reunida a Mesa de Contratación a día de hoxe 8 de novembro de 2023, valórase a documentación do artigo 159 da LCSP, obtida polo Servizo de Contratación, para a empresa mellor valorada: certificados do rolece nos que consta NIF, DNI do apoderado para contratar, obxecto social, información de inscrición no Rexistro mercantil, certificados de alta en IAE, da Axencia Tributaria, da Seguridade Social e do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a documentación consultada de Kalamazoo Productos de Oficina S.L. e considerala completa.

2º.- Adxudicar á empresa Kalamazoo Productos de Oficina S.L. a contratación da subministración de papel de fibra virxe para a Deputación Provincial de Lugo, 2023/CON_02/000057, por importe máximo de 14.985,00 €, ao que se aplicara un IVE do 21%, 3.146,85 €, o que fai un total de 18.131,85 €, comprometéndose a executar o obxecto do contrato ofertando un desconto dun 43,20% nos prezos unitarios recollidos no PPT.

3º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao servizo de Intervención para que proceda á fiscalización previa á adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	10/144





1º.- Adjudicar á empresa Kalamazoo Productos de Oficina S.L. a contratación da subministración de papel de fibra virxe para a Deputación Provincial de Lugo, 2023/CON_02/000057, por importe máximo de 14.985,00 €, ao que se aplicara un IVE do 21%, 3.146,85 €, o que fai un total de 18.131,85 €, comprometéndose a executar o obxecto do contrato ofertando un desconto dun 43,20% nos prezos unitarios recollidos no PPT.

Financiándose con cargo á aplicación 920022000, do exercicio 2023.

2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3º.- Instar á formalización do contrato, que se efectuará pola firma da aceptación polo contratista da resolución de adjudicación, conforme ao previsto no artigo 159.6 letra g) da LCSP.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adjudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: MONFORTE DE LEMOS – BÓVEDA.- Rehabilitación superficial de firme LU-P-0901 "Ribas Pequenas (LU-652) – Aspera (LU-546) – Fiolleda – O Empalme (LU-617)", P.K. 5+319 a 10+709.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: MONFORTE DE LEMOS – BÓVEDA.- Rehabilitación superficial de firme LU-P-0901 "Ribas Pequenas (LU-652) – Aspera (LU-546) – Fiolleda – O Empalme (LU-617)", P.K. 5+319 a 10+709, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada, con CSV: IV7PFWPKJNFXVMY4HXREVPVOA.

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	11/144



2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7PGC37HFBD5LPYSBHD4NDEOE.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7PFWI5NTU7QXS27XQRN3TROY.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7PG7T3EAFP7BJCQ57XMYRE6Y.
5. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7PG7CKJUXMQS6PZUXQ6EIECY.
6. Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.
7. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7PHTZPFPZ7UTMT4MQF77R54.
8. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7PHTZM3IG7VWZI2ZACMDRT6Y.
9. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: MONFORTE DE LEMOS – BÓVEDA.- Rehabilitación superficial de firme LU-P-0901 “Ribas Pequenas (LU-652) – Aspera (LU-546) – Fiolleda – O Empalme (LU-617)”, P.K. 5+319 a 10+709, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e disponer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 132.693,09 €, dos cales 23.029,38 € corresponden ao IVE (21%), conforme ás seguintes anualidades:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN		
	APLICACIÓN	IMPORTE	RC
2023	4530.619	65.000,00€	22023/34047
2024		67.693,09€	220239/709
TOTAL		132.693,09€	

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	12/144





A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade de 2024 a cantidade indicada nas aplicacións sinaladas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CON DIVERSAS OBRAS DE EMERXENCIA.

Primeiro.- Proposta en relación co orzamento definitivo remitido polo director técnico da obra de emerxencia da obra de GUNTÍN.- Restitución e sostemento da estrada LU-P-1611 no P.K. 24+200.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento – Unidade de Obras e Plans-, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“Vista a documentación técnica descritiva remitida en data 14/11/2023 polo Director Técnico das obras de emerxencia sinalada, ao que acompaña memoria, planos, valoración definitiva das obras e recepción das mesmas, infórmase o seguinte:

Primeiro.- Pola Xunta de Goberno en sesión celebrada con data 11/08/2023 a vista dos informes dos Servizos en relación coa actuación de emerxencia sinalada, adoptouse acordo (CSV: IV7PXUP5PU4DYWESWE6B54LWGU) declarando a emerxencia e encomendando a execución da obra á mercantil Grupo Bascuas 2008 SL, no orzamento estimado de 69.605,50€, IVE incluído.

Segundo.- O artigo 120 da LCSP, en su apartado d) establece o seguinte: “Ejecutadas las actuaciones objeto de este régimen excepcional, se observará lo dispuesto en esta Lei sobre cumplimiento de los contratos, recepción y liquidación de la prestación ... indicando ademais: “En el supuesto de que le libramiento de los fondos necesarios se hubiera realizada a justificar, transcurrido el plazo establecido en la letra c) anterior, se rendirá la cuenta justificativa del mismo, con reintegro de los fondos no invertidos”.

Terceiro.- Pola dirección técnica con data 13/11/2023, trasládase a este Servizo de Contratación e Fomento documentación técnica descritiva da execución da obra indicada.

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	13/144



No caso que nos ocupa, entende o que subscribe que por “cuenta justificativa”, refírese ou debe entenderse a valoración definitiva das obras executadas –relación valorada-, memoria e a acta de recepción redactadas pola dirección técnica así como a factura, unha vez que sexa presentada polo contratista adxudicatario.

Destacar que o propio acordo da Xunta de Goberno en sesión celebrada o 11/08/2023, no apartado terceiro do acordo di que “As obras liquidáranse á súa terminación mediante relación valorada (Artigo 179 do RD1098/2001 para o cal, o total resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementaríanse un 5% en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomende a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP)”; figurando así na valoración definitiva das obras.

Cuarto.- O artigo 179 do RD 1098/2001, apartado 3, sinala “... A liquidación das obras executadas con colaboradores, de acordo co párrafo b) do artigo 176 do RXLCAP, “realizárase mediante relacións valoradas, acompañadas polo correspondente documento contractual onde figure o prezo concertado.”

A vista do anterior, e tendo en conta o establecido no artigo 120 da LCSP, o artigo 322.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Admón. Local de Galicia, en relación co artigo 54.1 e concordantes do Regulamento orgánico da Deputación, infórmase favorablemente a aprobación do orzamento definitivo que figura na valoración definitiva das obras –relación valorada-, que ascende a cantidade de 65.291,19€, dos cales 11.331,53 € corresponden ao IVE, e o aboamento á empresa adxudicataria das obras, unha vez que polo contratista se presente a correspondente factura, conformada pola dirección técnica e, se achegue a conta xustificativa á Intervención desta entidade.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito”.

Polo anteriormente exposto, unha vez fiscalizado de conformidade, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobación do orzamento definitivo que figura na valoración definitiva das obras –relación valorada- da obra de emerxencia indicada, que ascende a cantidade de 65.291,19€, dos cales 11.331,53 € corresponden ao IVE.

2º.- Proceder ao aboamento á empresa adxudicataria das obras, Grupo Bascuas 2008 SL, unha vez que polo contratista se presente a correspondente factura, e sexa aprobada a conta xustificativa polo órgano competente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	14/144





Segundo.- *Proposta de aprobación, se procede, en relación coa actuación por emerxencia da obra de O CORGO.- Substitución de obra de drenaxe transversal na LU-P-1611 no P.K. 12.450.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“Polo Servizo de Vías e Obras remitiuse proposta de data 14/11/2023, ao que prestou conformidade a Presidencia, en relación coa actuación de emerxencia que se sinala, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“A estrada provincial LU-P-1611 denominada “Cinturón comarcal” salva, no seu p.q. 12+450 aproximadamente, un curso innominado mediante unha obra de drenaxe transversal constituída por un tubo de aceiro corrugado de sección sensiblemente circular.

A aparición dun afundimento na calzada no dito punto quilométrico (fotografía 1) alertou ó persoal do Servizo de Vías e Obras polo que se realizou una inspección visual mediante a que se puido comprobar que o tubo se atopa moi deteriorado pola corrosión, o que provoca que a auga se filtre cara un dos laterais e socave o recheo adxacente ao tubo, o que a súa vez fai que parte da auga na entrada do tubo se escape cara ese lateral (fotografía 2), agravándose a socavación e a perda de recheo e causando, en último termo, o afundimento na superficie.



Fotografía 1: afundimento existente na calzada



Fotografía 2: entrada do tubo onde se ve como parte da auga se perde cara o lateral esquerdo

Á vista da situación descrita e polo manifesto risco que supón para os usuarios da vía, procedeuse, o mesmo día, ao peche total da estrada neste tramo, balizándose e sinalizándose desvíos alternativos.

Para restituir a circulación en condicións de seguridade, faise preciso acometer con carácter inmediato as actuacións precisas para demoler a obra de paso existente e substituíla por unha de nova construción.

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	15/144



(...)"

Tendo en conta o anterior infórmase o seguinte:

Primeiro.- O artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP) establece que: "Cuando la administración tenga que actuar de manera inmediata a causa de acontecimientos catastróficos, de situaciones que supongan grave peligro, (...)

a) El órgano de contratación, sin obligación de tramitar expediente administrativo podrá ordenar la ejecución de lo necesario para remediar el acontecimiento producido o satisfacer la necesidad sobrevenida, o contratar libremente su objeto, en todo o en parte, sin sujetarse a los requisitos formales establecidos en la presente Ley, incluso el de la existencia de crédito suficiente."

Segundo.- Tendo en conta o dano da estrada da rede viaria Provincial, o que conlevou o "peche total da estrada neste tramo, balizándose e sinalizándose desvíos alternativos", e ponderando que os tempos necesarios para a tramitación incluso urxente dun procedemento de licitación, para responder ás incidencias, estenderíase a un prazo non inferior un mes, parece prudente que ante estes acontecementos que conlevan situacións de grave perigo para persoas e bens se poida executar as actuacións que permitan por en servizo dita estrada o mais áxil posible, evitando posibles maiores danos materiais e/ou persoais.

Debe terse en conta a estes efectos, que o propio artigo 120 da LCSP, establece incluso un prazo máximo dun mes para o inicio da prestación por vía de emerxencia.

Así mesmo, e tendo en conta a imposibilidade de facer unha valoración real do custe de realizar estas actuacións, achégase orzamento estimado elaborado polo Enxeñeiro do Servizo de Vías e Obras, D. Darío Ferreiro Otero, por importe de 82.627,37 euros, dos cales 14.340,29€ correspondería ao IVE. O orzamento leva incluído o incremento 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

Non obstante en relación co procedemento de realización de obras por razóns de emerxencia, o artigo 176 do RD 1098/2001, establece que os contratos de colaboración con empresarios particulares, adxudicados por razóns de emerxencia, poderán realizarse contratando coa empresa colaboradora a execución de unidades completas do proxecto, instalacións ou servizos sobre a base de prezo a tanto alzado, non superior ao previsto no proxecto.

Neste caso incorporase ao expediente un orzamento estimado, asinando a súa conformidade a empresa colaboradora, así como un anexo 2 denominado condicións particulares, baixo as que se deberá executar a obra.

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	16/144





Terceiro.- Executadas as actuacións, por este réxime excepcional, deben cumprimentarse os trámites necesarios para a intervención e aprobación da conta xustificativa, a cuxo efecto e atendendo ao informado polo Servizo de Vías e Obras, a estimación do custo concretarase unha vez terminadas as obras, redactándose a documentación técnica descritiva que incluírá o orzamento definitivo calculado como se establece no artigo 178 do RXLCAP, e en base ao cal se liquidarán as obras mediante relación valorada.

Cuarto.- O órgano competente para resolver sobre o asunto, en función da contía, ao tratarse dunha materia de prestación de tipo contractual (prestación recíproca de orde oneroso) é a Xunta de Goberno, atendendo ademais ao establecido no artigo 59 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020.

Conclusión.

A vista do anterior, a xuízo do que subscribe, infórmase favorablemente que polo Órgano de Contratación, se tramite por emerxencia a execución da obra de O CORGO.- Substitución de obra de drenaxe transversal na LU-P-1611 no P.K. 12.450, como consecuencia do deterioro do tubo e afundimento da estrada, de acordo coa memoria redactada polo Servizo de Vías e Obras, ordeando á empresa Grupo Bascuas 2008 SL, por ser o contratista da conservación da RVP na zona e por considerar que esa mercantil dispón de medios nas proximidades para acometer as obras de maneira inmediata, a execución das obras necesarias para remediar a incidencia, no orzamento estimado de 82.627,37€, IVE incluído, ao cal prestou a súa conformidade, e liquidándose a súa terminación mediante relación valorada (artículo 179 do RXLCAP), para o cal o total resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementarase un 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP), formulándose pola Área de Xestión Territorial as ordes necesarias para a execución das prestacións necesarias a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de emerxencia e consecuentemente restituír a circulación e garantir a seguridade vial no menor prazo posible co acceso aos distintos núcleos de poboación e o tránsito pola amentada estrada.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito”.

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar de emerxencia a execución da obra de O CORGO.- Substitución de obra de drenaxe transversal na LU-P-1611 no P.K. 12.450, como consecuencia do afundimento da estrada, de acordo coa memoria redactada polo Servizo de Vías e

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	17/144



Obras con un orzamento estimado e que ascende a cantidade de 82.627,37€ euros, IVE incluído.

2º.- De acordo coa proposta do Servizo de Vías e Obras, ordenar a empresa Grupo Bascuas 2008 SL, por ser a empresa encargada da conservación da RVP da zona na que se atopa esta estrada e por considerar que esa mercantil dispón de medios nas proximidades para acometer as obras de maneira inmediata, a execución das obras necesarias para remediar a incidencia, no orzamento estimado de 82.627,37€, IVE incluído, o cal prestou a súa conformidade.

3º.- As obras liquidaranse a súa terminación mediante relación valorada (artículo 179 do RXLCAP), para o cal o total resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementarase un 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

4º.- Determinar que pola area de Xestión Territorial formulen as ordes necesarias para a execución das prestacións necesarias a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de emerxencia e consecuentemente restituír a circulación e garantir a seguridade vial no menor prazo posible co acceso aos distintos núcleos de poboación e o tránsito pola amentada estrada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE PROXECTOS DE INVESTIMENTOS DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2023.

Proposta de aprobación, se procede, en relacion co escrito da Alcaldía do Concello de Taboada, solicitando modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Taboada no que solicita a modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023, infórmase o seguinte:

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	18/144





1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/12/2022 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 09/01/2023.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

Esta determinación competencial, das Entidades locais, fixada lexislación básica estatal, complementase coa lexislación sobre réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais; entre outras normas sectoriais podemos citar a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia.

Segundo.- Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece, na súa disposición adicional primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica, antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndose elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

Así mesmo, no Art. 3.3 Lei 5/2014, concrépanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) o auxilio administrativo, de acordo co

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	80/144





disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceiro.- A Deputación Provincial de Lugo, ten como fins propios e específicos os enumerados no art. 31.2 da LRBRL, indicando xenericamente o de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, particularizando algún deses fins específicos. O artigo 118. letra d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA) establece que compete as Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos, en especial, de calquera actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura.

O art. 36.1 LRBRL, pola súa parte, enumera as competencias propias do ente provincial, estipulando os apartados b) e d) as seguinte:

A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica ós Concellos, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión. En todo caso nos municipios de 1.000 habitantes debe garantir a prestación dos servizos de secretaría e intervención (art. 36.1 b)

A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito (art. 36.1 d).

A LRALG, regula nos artigos 109 e seguintes, as competencias propias da Deputación Provincial, salientando o parágrafo b), “a prestación de asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica cos Concellos, especialmente ós que teñan menor capacidade económica e de xestión”

En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden”.

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico-financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables aos fins deste convenio.

O artigo 3.2 a) da Lei 5/2016 de 4 de maio de Patrimonio Cultural de Galicia, en relación coa colaboración administrativa, establece que “As entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de: Protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.

Enténdese que a cooperación administrativa con achegas recíprocas, é o aparello máis acaído e sustentable, organizativa e financeiramente, para o desenvolvemento conxunto de tarefas e para a obtención satisfactoria dun obxectivo común, neste caso a execución dos fins comúns de cooperar nesta actuación, que beneficia ao territorio municipal e provincial.

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	81/144



O propio artigo 57.3 da LBRL da prevalencia á subscrición de convenios, como medios de cooperación, respecto doutras formas cooperativas como a constitución de consorcios; baseado na idea de evitar a creación de estruturas organizativas, cando non sexan necesarias e previa acreditación de que os fins perseguidos non se acadan vía convenio e que a figura consorcial é máis eficiente na asignación de recursos económicos.

Cuarto.- A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia, que ten fundamento no dereito comunitario (artigo 12.4 da Directiva 2014/24 UE do Parlamento Europeo e do Consello). Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de auto organización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Quinto.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público(en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.”

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: Convenios inter-administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Sexto.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios e ao seu contido, establécense no artigo 48 e o contido dos convenios no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro. As normas deste capítulo VI da LRXSP, sobre convenios, non se aplica ás

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	82/144





encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos.

Sétimo.- A cooperación coa administración municipal, como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo o art. 3.1.k da citada LRXSP que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1. a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Oitavo.- O Concello de Barreiros, de acordo co establecido no artigo 25 da Lei 7/1985, o 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Os artigos 2 e 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio de Patrimonio Cultural de Galicia recollen as competencias que lle corresponden en materia de patrimonio cultural á Comunidade Autónoma e ás entidades locais.

Noveno.- A Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros exercen competencias, consonte ao establecido na normativa de réxime local e na normativa sectorial que lle resulta de aplicación e teñen a posibilidade legal de subscribir este convenio para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente (artigo 30 do TRLRL, entre outros).

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, e ademais, encádrase no deber de colaboración xenérico e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada nos artigos 36 da LBRL, 141 da LRXSP e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	83/144



exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre o Concello de Barreiros e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio das súas competencias para acadar o fin común de cooperar na “Ponte de Outono: Mercadiño, II Son Urban e Curta Hippocampus” na anualidade 2023.

Para realizar dita actividade e acadar dito fin, ámbalas dúas Administracións comprométense a realizar o gasto seguinte:

ACTUACIÓN	CUSTE TOTAL
Carpa	5.687,00 €
Obradoiro breakdance vella escola	635,25 €
Actuación de DJ Rapariga	363,00 €
DJ Larock	363,00 €
Tempo Norte	605,00 €
DJ's Tor4+Mr. Fishman	605,00 €
Técnico de son+son grupos+son DJ's+producción	1.452,00 €
Concerto Grande Amore	6.050,00 €
Proxección -coloquio da curtametraxe Hippocampus	806,67 €
Total	16.566,92 €

No caso de que, durante a organización da programación destas actividades culturais, se produzan alteracións respecto a cada un dos gastos previstos, poderán compensarse entre si os distintos importes.

Para alcanzar o obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes aportacións:

ANUALIDADE	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	TOTAL
2023	16.000,00 €	566,92 €	16.566,92 €

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións obríganse a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio se refire á provincia de Lugo, e concretamente á Comarca da Mariña Oriental, na que está incluída o termo municipal do Barreiros.

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	84/144





Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Ao financiamento da actuación obxecto deste convenio no referente á cooperación nos gastos de “Ponte de Outono: Mercadiño, II Son Urban e Curta Hippocampus” na anualidade 2023, polo importe máximo indicado na cláusula cuarta.

2. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, *banners* ou semellantes), facilitadas e /ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.

3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometido polo Concello de Barreiros, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutras actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

A Deputación de Lugo exímese do cumprimento das condicións técnicas e de seguridade do equipamento instalado para levar a cabo a actuación coa que esta entidade colabora no marco dos gastos derivados da organización e execución da “Ponte de Outono: Mercadiño, II Son Urban e Curta Hippocampus”, así como das demais responsabilidades derivadas da aplicación da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

3.2. O Concello de Barreiros.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Barreiros comprométese ao seguinte:

1. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

2. Financiar a actividade obxecto deste convenio polo importe indicado na cláusula cuarta, debendo aportar para a execución do convenio o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.

3. Executar a actuación na data límite do 31 de decembro de 2023.

4. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

5. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no formato máis axeitado, facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

6. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	85/144



7. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
8. Responsabilizarse da organización, contratación, execución, desenvolvemento da actividade e do cumprimento da normativa de seguridade, especialmente na aplicación da Lei 10/2017, 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, de conformidade coas disposicións emitidas polas autoridades sanitarias. Realizará o conxunto de actuacións necesarias para a súa efectiva materialización e realización no ano 2023.
9. Aportar as autorizacións, licenzas e permisos necesarios para a execución da actividade.
10. Cesión dos espazos de titularidade municipal para a realización das actividades.
11. Asumir os gastos derivados dos dereitos de autoría que puideran derivar da celebración das actividades indicadas.
12. Autorizar cantas comprobacións se determinen pola Deputación de Lugo.

Cuarta.- Réxime económico.

A) Achegas.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 16.000,00 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.46200, do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023.

O Concello de Barreiros financiará inicialmente as actuacións descritas con 566,92 €, que poderá diminuírse de haber baixas na licitación ou execución; e, así mesmo, financiará o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.

B) Titularidade do resultado da cooperación.

A titularidade dos resultados será compartida posto que os efectos a nivel cultural, turístico e económico ou social son comúns e benefician ao municipio de Barreiros, aos limítrofes da comarca e, en xeral, a toda a provincia.

C) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o Concello de Barreiros se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 31 de marzo de 2024. Este prazo pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao concello a través da modificación deste convenio, sempre que o mesmo estea vixente, non prexudique dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa que o Concello de Barreiros achegue á Deputación de Lugo terá o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	86/144





Memoria económica xustificativa do custo da actividade, que conterà:

1. Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, e a data de pago.
 2. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
 3. Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
- Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade prevista neste convenio.
- Declaración responsable na que se faga constar que o Concello de Barreiros non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
- Declaración responsable na que o Concello de Barreiros poña de manifesto que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- Declaración responsable de que o Concello de Barreiros asumiu ou non, o custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE), por ter ou non a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
- Declaración responsable na que se faga constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo en todas as actuacións, e soportes, que se utilicen na execución da actividade.
- Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.
- Fotografías dos carteis/pegatinas ou medios dixitais usados na difusión da relación interadministrativa de cooperación.
- Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite da vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data limite do 31 de decembro de 2024 e pagada o

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	87/144



31 de xaneiro de 2025, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio estea vixente, respectando o límite temporal previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51 da amentada Lei 40/2015, de 1 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

A extinción do convenio, xa sexa por cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causa de resolución, efectuarase por resolución presidencial.

Oitava.- Comisión de seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control, establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

a) Velar polo cumprimento deste convenio.

b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	88/144





- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.
- Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello de Barreiros incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o Concello de Barreiros deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido, a través do cartel no investimento.

A Deputación e o Concello comprométense a cumprir coas determinacións dos artigo 53 da Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables.

Décima.- Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamiento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	89/144



Décimo primeira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 en relación co artigo 31 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, (...) as Entidades locais (...).

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

As partes comprométense a resolver de xeito amistoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 11 páxinas numeradas, en triplicado exemplar, para un só efecto en lugar e data ut supra, do que como secretario dou fe.

2º.- Aprobar o gasto de 16.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.46200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, a favor do Concello de Barreiros, para sufragar os gastos derivados da “Ponte de Outono: Mercadiño, Il Son Urban e Curta Hippocampus”.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2022/002, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2022.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	90/144





“Primeiro.- Con data 21 de abril de 2023 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrência competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2022”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2022/002, correspondente á Asociación vecinal de Fonteio as obras de “Mellora na traída de auga en Fonteio”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €.

Terceiro.- A Asociación vecinal de Fonteio, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 21 de abril de 2023.

Cuarto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de abril de 2023 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Asociación vecinal de Fonteio (Baleira), tramitada co número de expediente SUBDOT-2022/002, destinada ás obras de “Mellora na traída de auga en Fonteio” por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2022/003, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2022.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	91/144



“Primeiro.- Con data 21 de abril de 2023 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrència competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2022”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formularan alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2022/003, correspondente á Asociación de veciños Ponte Soldón as obras de “Mellora na traída de auga de Ponte Soldón”, concedéndolle unha subvención por importe de 5.985,00 €.

Terceiro.- A Asociación de veciños Ponte Soldón, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 21 de abril de 2023.

Cuarto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de abril de 2023 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Asociación de veciños Ponte Soldón (Quiroga), tramitada co número de expediente SUBDOT-2022/003, destinada ás obras de “Mellora na traída de auga de Ponte Soldón” por un importe de 5.985,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2022/004, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2022.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	92/144





“Primeiro.- Con data 21 de abril de 2023 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2022”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formularan alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2022/004, correspondente á Asociación de veciños Santa Mariña de Sequeiros as obras de “Arranxo camiño”, concedéndolle unha subvención por importe de 5.976,72 €.

Terceiro.- A Asociación de veciños Santa Mariña de Sequeiros, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 21 de abril de 2023.

Cuarto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de abril de 2023 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Asociación de veciños Santa Mariña de Sequeiros (Quiroga), tramitada co número de expediente SUBDOT-2022/004, destinada ás obras de “Arranxo camiño” por un importe de 5.976,72 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2022/005, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2022.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	93/144



“Primeiro.- Con data 21 de abril de 2023 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrència competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2022”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formularan alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2022/005, correspondente á Asociación de Mulleres Rurais A Xuntanza de Castro de Rei as obras de “Equipamento Informático e Mobiliario”, concedéndolle unha subvención por importe de 1.875,22 €.

Terceiro.- A Asociación de Mulleres Rurais A Xuntanza de Castro de Rei, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 21 de abril de 2023.

Cuarto.- Sobre a conta xustificativa (a parte efectiva da actuación é de un 99% da subvención concedida), emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de abril de 2023 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Asociación de Mulleres Rurais A Xuntanza de Castro de Rei (Castro de Rei), tramitada co número de expediente SUBDOT-2022/005, destinada ás obras de “Equipamento Informático e Mobiliario” por un importe de 1.856,44 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2022/007, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2022.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	94/144





“Primeiro.- Con data 21 de abril de 2023 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2022”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formularan alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2022/007, correspondente á Asociación Veciñal e Cultural Cabalo Branco de Santiago de Cangas as obras de “Mobiliario e Equipamento para Cociña Local Social”, concedéndolle unha subvención por importe de 3.230,10 €.

Terceiro.- A Asociación Veciñal e Cultural Cabalo Branco de Santiago de Cangas, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 21 de abril de 2023.

Cuarto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de abril de 2023 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Asociación Veciñal e Cultural Cabalo Branco de Santiago de Cangas (Pantón), tramitada co número de expediente SUBDOT-2022/007, destinada ás obras de “Mobiliario e Equipamento para Cociña Local Social” por un importe de 3.230,10 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2022/032, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2022.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	95/144



De acordo coa base 24ª.8 das Bases de Execución do Orzamento vixente, poderán realizarse anticipos a conta de subvencións superiores ou iguais a un importe de 3.000,00€, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actividade doutro xeito.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia un convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Para o aboamento do devandito anticipo a Entidade beneficiaria deberá achegar a seguinte documentación:

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	127/144



1. Solicitude do anticipo.
2. Documento bancario no que se indique o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a solicitude achegada.
3. Detalle do nivel de execución do gasto, indicativo da fase na que se atopa a realización da actuación subvencionada, que deberá ser acreditado mediante a achega de facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil ou con eficacia administrativa.

O centro xestor deberá adxuntar, á documentación remitida pola entidade beneficiaria, copia do Anexo I da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

O aboamento do anticipo, unha vez aprobado o mesmo, será efectuado mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 11 páxinas numeradas, do que como Secretario dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

32.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2023.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Xunta de Goberno de data 28 de abril de 2023 acordou, entre outros asuntos, á aprobación das Bases da convocatoria e os modelos de solicitude de concesión de subvencións en réxime de concorrncia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2023.

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	128/144





Tendo en conta que o correspondente anuncio do extracto das Bases, dos modelos e da convocatoria se publicou no BOP nº 104 de 8de maio de 2023.

Tendo en conta o previsto no punto 6 das Bases da convocatoria “Avaliación de solicitudes”, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, para a realización de actividades de interese cultural, anualidade 2023, que reflicte que se constituirá unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instructor consonte ao disposto no artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Tendo en conta o previsto no punto 10, “Acordos de resolución e comunicación/notificacións”, onde se prevé que o órgano instructor, á vista do expediente e do informe da Comisión de Valoración, efectuará a proposta de resolución provisional, motivada, á Xunta de Goberno e que o acordo de resolución provisional será notificada aos interesados, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.

Tendo en conta que finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións, o acordo de resolución provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Tendo en conta que, nesta convocatoria se presentaron as solicitudes incluídas na listaxe de desagregación de orzamentos que se achegan no expediente e na acta da comisión de avaliación correspondente, cuxos expedientes foron aceptados pola Comisión coa documentación que acompañan ás solicitudes.

Tendo en conta que para esta convocatoria os criterios empregados para a súa avaliación foron os recollidos nas normas específicas da convocatoria aprobadas polo órgano competente.

Visto que para estes efectos, se achega a listaxe na que se inclúen os solicitantes propostos para a concesión de subvencións.

Tendo en conta que, con data 14 de novembro de 2023 se constituíu e reuniu a Comisión de Avaliación prevista, na que se acordou elevar informe de proposta de concesión de acordo co establecido nas Bases.

Tendo en conta que o orzamento previsto no punto 5 “Orzamento” das Bases da Convocatoria é de 255.000,00 €.

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	129/144



Por todo o exposto:

Á vista do informe da Comisión de Avaliación.

Á vista do informe do Servizo de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico e Normalización Lingüística.

Á vista do informe do Servizo de Intervención.

A Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno, en base á proposta da Comisión de Avaliación:

1º.- Aprobación provisional de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2023, de acordo aos criterios de determinación do importe da subvención reflectidos nos puntos 6 e 7 das Bases da convocatoria, segundo as especificacións que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión da Avaliación.

2º.- O presente acordo de carácter provisional terá carácter definitivo no caso de finalizar o trámite de audiencia sen que se formulen alegacións e procederase á publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3º.- Notificar o presente acordo provisional aos interesados de acordo ao previsto no punto 10 das Bases da convocatoria, Acordos de resolución e comunicación/notificacións, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

33.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONCESIÓN DE SUBVENCIONES EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A INVERSIONES EN INSTALACIONES DE CARÁCTER CULTURAL E PARA EQUIPAMENTOS CULTURAIS REALIZADOS POR ASOCIACIONES CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2023.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	130/144





“Tendo en conta que a Xunta de Goberno de data 28 de abril de 2023 acordou, entre outros asuntos, á aprobación das Bases da convocatoria e os modelos de solicitude de concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais, na anualidade 2023.

Tendo en conta que o correspondente anuncio do extracto das Bases, dos modelos e da convocatoria se publicou no BOP nº 104 de 8 de maio de 2023.

Tendo en conta o previsto no punto 6 das Bases da convocatoria “Avaliación de solicitudes”, en réxime de concorrència competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo, anualidade 2023, que reflicte que: “se constituirá unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instrutor consonte ao disposto no artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións”.

Tendo en conta o previsto no punto 10, “Acordos de resolución e comunicación/notificacións”, onde se prevé que o órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión de Valoración, efectuará a proposta de resolución provisional, motivada, á Xunta de Goberno e que o acordo de resolución provisional será notificada aos interesados, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.

Tendo en conta que finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións, o acordo de resolución provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Tendo en conta que, nesta convocatoria se presentaron as solicitudes incluídas na listaxe de desagregación de orzamentos que se achegan no expediente e na acta da comisión de avaliación correspondente, cuxos expedientes foron aceptados pola Comisión coa documentación que acompañan ás solicitudes.

Tendo en conta que para esta convocatoria os criterios empregados para a súa avaliación foron os recollidos nas normas específicas da convocatoria aprobadas polo órgano competente.

Visto que para estes efectos, se achega a listaxe na que se inclúen os solicitantes propostos para a concesión de subvencións.

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	131/144



Tendo en conta que, con data 14 de novembro de 2023, se constituíu e reuniu a Comisión de Avaliación prevista, na que se acordou elevar informe de proposta de concesión de acordo co establecido nas Bases.

Tendo en conta que o orzamento previsto no punto 5 “Orzamento” das Bases da Convocatoria é de 125.000,00 €.

Por todo o exposto:

Á vista do informe da Comisión de Avaliación.

Á vista do informe do Servizo de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico e Normalización Lingüística.

Á vista do informe do Servizo de Intervención.

A Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno, en base á proposta da Comisión de Avaliación:

1º.- Aprobar a resolución provisional de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo, na anualidade 2023, de acordo aos criterios de determinación do importe da subvención reflectidos nos puntos 6 e 7 das Bases da convocatoria, segundo as especificacións que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión da Avaliación.

2º.- O presente acordo de carácter provisional terá carácter definitivo no caso de finalizar o trámite de audiencia sen que se formulen alegacións e procederase á publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3º.- Notificar o presente acordo provisional aos interesados de acordo ao previsto no punto 10 das Bases da convocatoria, Acordos de resolución e comunicación/notificacións, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

34.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA PERDIDA DO DEREITO AO COBRO E REINTEGRO DA AXUDA DIRECTA EXCEPCIONAL PARA PALIAR OS EFECTOS DA INVASIÓN AO POBO UCRAÍNO POR MEDIO DA CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	132/144





“Visto o informe do Servizo de Benestar Social e Igualdade co CVS IV7PGKS3NFXNRTG25QNCI4LV4Y no que literalmente establece o seguinte:

“Informe de aprobación definitiva da perda do dereito ao cobro e do procedemento de reintegro da axuda directa excepcional para paliar os efectos da invasión ao pobo ucráino por medio da Cruz Vermella Española. Nº expediente 2022/XEN_01/000909.

Silvia García López, en calidade de xefa de servizo de Benestar Social e Igualdade expón:

Antecedentes.

Primeiro.- Por acordo da Xunta de Goberno de data 6 de outubro de 2023 se acordou :

“1º.- Declarar decaído o dereito de trámite á entidade Cruz Vermella Española, en relación á xustificación dos gastos enmarcados dentro da axuda directa excepcional para paliar os efectos da invasión ao Pobo Ucráino por medio da Cruz Vermella Española de acordo co artigo 73.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2º.- Acordar o inicio do procedemento de perda do dereito ao cobro e ao inicio do procedemento de reintegro, ambos da axuda directa excepcional para paliar os efectos da invasión ao Pobo Ucráino por medio da Cruz Vermella Española por incumprimento da obriga de xustificación en base ao establecido no artigo 89 e 92 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións aprobado polo Real Decreto 887/2003, de 21 de xullo e no artigo 37.1.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, segundo o seguinte:

PROCEDEMENTO DE REINTEGRO DO ABOAMENTO DA AXUDA	
Obrigada ao reintegro	Cruz Vermella Española CIF Q2766001G
Causa que determina o inicio do reintegro	Incumprimento da obriga de xustificación nos términos establecidos no artigo 30 da Lei 38/2003 LXS, e no seu caso, nas normas reguladoras da subvención (Anexo I formalizado o ...).
Obrigacións incumpridas	Non consta presentada a conta xustificativa da entrega de diñeiro correspondente á axuda de emerxencia.
Importe da axuda afectada	10.000,00€

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	133/144



PROCEDIMENTO DE REINTEGRO DO ABOAMENTO DA AXUDA	
Xuros de mora devengados	Os correspondentes dende a data do aboamento do anticipo ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou, a data na que a beneficiaria ingrese o reintegro do anticipo.
Reintegro a executar:	
Conta da Deputación de Lugo onde executar o reintegro	ES04-2080-0163-85-3110000423
Concepto	Reintegro Anticipo Axuda Emerxencia 2022_XEN_01/000909
Importe:	
Anticipo:	10.000,00€
Xuros de mora devengados	Os correspondentes dende a data do aboamento do anticipo ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou, a data na que a beneficiaria ingrese o reintegro do anticipo.

PROCEDIMENTO DE PERDA TOTAL DO DEREITO AO COBRO (AXUDA EN ESPECIE)	
Obrigada ao reintegro	Cruz Vermella Española CIF Q2766001G
Causa que determina o inicio do reintegro	Incumprimento da obriga de non presentar por rexistro a valoración dos materiais/bens necesarios para paliar os efectos causados pola emerxencia social nin as peticións correspondentes da axuda en especie, motivo polo cal non consta executado.
Obrigacións incumpridas	Solicitud dos materiais/bens necesarios para paliar os efectos causados pola emerxencia social nin as peticións correspondentes da axuda en especie.
Importe da axuda afectada	Ata 18.000,00€ en especie
Xuros de mora devengados	Non proceden

3º.- Comunicar á entidade Cruz Vermella Española que dispón de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte da recepción da notificación do acordo de inicio de procedemento de perda de dereito ao cobro e o acordo de inicio de procedemento de reintegro da axuda directa excepcional para paliar os efectos da invasión ao Pobo Ucraíno por medio da Cruz Vermella Española, para que alegue ou presente os documentos que estime pertinentes en base ao establecido no artigo 94.2 do RLXS.”

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	134/144





Segundo.- Dende o Servizo de Benestar Social e Igualdade practícouse electronicamente a notificación da citada resolución, sendo recibida por Cruz Vermella Española o 18.10.2023.

Terceiro.- A día de hoxe, e transcorridos o prazo de alegacións, non consta que dende a entidade Cruz Vermella Española, se efectuasen ou se aportasen documentos no prazo establecido a tal efecto.

Conclusiones.

Tendo en conta todo o anteriormente exposto, proponse, ao Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social propoña á Xunta de Goberno da Deputación de Lugo que acorde:

1. A aprobación definitiva da perda do dereito ao cobro e do reintegro da axuda directa excepcional para paliar os efectos da invasión ao Pobo Ucraíno por medio da Cruz Vermella Española por incumprimento da obriga de xustificación en base ao establecido no artigo 89 e 92 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións aprobado polo Real Decreto 887/2003, de 21 de xullo e no artigo 37.1.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, segundo o seguinte:

PROCEDIMENTO DE REINTEGRO DO ABOAMENTO DA AXUDA	
Obrigada ao reintegro	Cruz Vermella Española CIF Q2766001G
Causa que determina o inicio do reintegro	Incumprimento da obriga de xustificación nos termos establecidos no artigo 30 da Lei 38/2003 LXS, e no seu caso, nas normas reguladoras da subvención (Anexo I formalizado).
Obrigacións incumpridas	Non consta presentada a conta xustificativa da entrega de diñeiro correspondente á axuda de emerxencia.
Importe da axuda afectada	10.000,00€
Xuros de mora devengados	Os correspondentes dende a data do aboamento do anticipo ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou, a data na que a beneficiaria ingrese o reintegro do anticipo.
Reintegro a executar:	
Conta da Deputación de Lugo onde executar o reintegro	ES04-2080-0163-85-3110000423

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	135/144



PROCEDIMENTO DE REINTEGRO DO ABOAMENTO DA AXUDA	
Concepto	Reintegro Anticipo Axuda Emerxencia 2022_XEN_01/000909
Importe:	
Anticipo:	10.000,00€
Xuros de mora devengados	Os correspondentes dende a data do aboamento do anticipo ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou, a data na que a beneficiaria ingrese o reintegro do anticipo.

PROCEDIMENTO DE PERDA TOTAL DO DEREITO AO COBRO (AXUDA EN ESPECIE)	
Obrigada ao reintegro	Cruz Vermella Española CIF Q2766001G
Causa que determina o inicio do reintegro	Incumprimento da obriga de non presentar por rexistro a valoración dos materiais/bens necesarios para paliar os efectos causados pola emerxencia social nin as peticións correspondentes da axuda en especie, motivo polo cal non consta executado.
Obrigacións incumpridas	Solicitud dos materiais/bens necesarios para paliar os efectos causados pola emerxencia social nin as peticións correspondentes da axuda en especie.
Importe da axuda afectada	Ata 18.000,00€ en especie
Xuros de mora devengados	Non proceden

2. Aprobar á liquidación dos xuros de demora derivados do procedemento de perda do dereito ao cobro e do procedemento de reintegro e de acordo co informe da tesourería co CSV IV7PGKL4HTW46TZDVUHGGYQUCI co seguinte detalle:

DENDE	ATA	DÍAS	CAP. ACUM.	% XUROS	TOTAL
30.03.2022	31.12.2022	277	10.000,00 €	3,7500	284,59 €
01.01.2023	17.11.2023	321	10.000,00 €	4,0625	357,28 €
TOTAL XUROS DEMORA					641,87 €

3. Notificar á entidade Cruz Vermella Española o prazo para efectuar o ingreso segundo o artigo 62.2 da Lei 58/2003, de 17 decembro, Xeral Tributaria:

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	136/144





As débedas tributarias notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data da notificación ata o día 20 do mes seguinte, se este non fora hábil ata o día hábil inmediato seguinte.

As notificadas dende os días 16 e o derradeiro de cada mes, o prazo de pagamento será dende a data da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior, se este non fora hábil ata o día hábil inmediato seguinte.

Transcorrido o prazo para o aboamento do ingreso en período voluntario, procederase de acordo co previsto nas normas reguladoras do procedemento recador na vía executiva, isto é, as débedas faranse efectivas pola vía de constrinximento, serán exixibles as recargas do período executivo e os xuros de demora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeneral Tributaria e, no seu caso, as costas que se produzan.

As cantidades exixidas serán ingresadas na conta titularidade da Deputación co nº: ES04 2080 0163 8531 1000 0423.

CONCEPTO	IMPORTE
TOTAL IMPORTE PRINCIPAL A REINTEGRAR	10.000,00 €
TOTAL XUROS DEMORA (CALCULADOS A 17.11.2023)	641,87 €
TOTAL	10.641,87€

4. Notificar á entidade Cruz Vermella Española o presente acordo.”

Proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- A aprobación definitiva da perda do dereito ao cobro e do reintegro da axuda directa excepcional para paliar os efectos da invasión ao Pobo Ucraíno por medio da Cruz Vermella Española por incumprimento da obriga de xustificación en base ao establecido no artigo 89 e 92 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións aprobado polo Real Decreto 887/2003, de 21 de xullo e no artigo 37.1.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, segundo o seguinte:

PROCEDEMENTO DE REINTEGRO DO ABOAMENTO DA AXUDA	
Obrigada ao reintegro	Cruz Vermella Española CIF Q2766001G
Causa que determina o inicio do reintegro	Incumprimento da obriga de xustificación nos términos establecidos no artigo 30 da Lei 38/2003 LXS, e no seu caso, nas normas reguladoras da subvención (Anexo I formalizado).

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	137/144



PROCEDIMENTO DE REINTEGRO DO ABOAMENTO DA AXUDA	
Obrigacións incumpridas	Non consta presentada a conta xustificativa da entrega de diñeiro correspondente á axuda de emerxencia.
Importe da axuda afectada	10.000,00€
Xuros de mora devengados	Os correspondentes dende a data do aboamento do anticipo ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou, a data na que a beneficiaria ingrese o reintegro do anticipo.
Reintegro a executar:	
Conta da Deputación de Lugo onde executar o reintegro	ES04-2080-0163-85-3110000423
Concepto	Reintegro Anticipo Axuda Emerxencia 2022_XEN_01/000909
Importe:	
Anticipo:	10.000,00€
Xuros de mora devengados	Os correspondentes dende a data do aboamento do anticipo ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou, a data na que a beneficiaria ingrese o reintegro do anticipo.

PROCEDIMENTO DE PERDA TOTAL DO DEREITO AO COBRO (AXUDA EN ESPECIE)	
Obrigada ao reintegro	Cruz Vermella Española CIF Q2766001G
Causa que determina o inicio do reintegro	Incumprimento da obriga de non presentar por rexistro a valoración dos materiais/bens necesarios para paliar os efectos causados pola emerxencia social nin as peticións correspondentes da axuda en especie, motivo polo cal non consta executado.
Obrigacións incumpridas	Solicitud dos materiais/bens necesarios para paliar os efectos causados pola emerxencia social nin as peticións correspondentes da axuda en especie.
Importe da axuda afectada	Ata 18.000,00€ en especie
Xuros de mora devengados	Non proceden

2º.- Aprobar á liquidación dos xuros de demora derivados do procedemento de perda do dereito ao cobro e do procedemento de reintegro e de acordo co informe da tesourería co CSV IV7PGKL4HTW46TZDVUHGGYQUCI co seguinte detalle:

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	138/144





DENDE	ATA	DÍAS	CAP. ACUM.	% XUROS	TOTAL
30.03.2022	31.12.2022	277	10.000,00 €	3,7500	284,59 €
01.01.2023	17.11.2023	321	10.000,00 €	4,0625	357,28 €
TOTAL XUROS DEMORA					641,87 €

3º.- Notificar á entidade Cruz Vermella Española o prazo para efectuar o ingreso segundo o artigo 62.2 da Lei 58/2003, de 17 decembro, Xeral Tributaria:

As débedas tributarias notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data da notificación ata o día 20 do mes seguinte, se este non fora hábil ata o día hábil inmediato seguinte.

As notificadas dende os días 16 e o derradeiro de cada mes, o prazo de pagamento será dende a data da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior, se este non fora hábil ata o día hábil inmediato seguinte.

Transcorrido o prazo para o aboamento do ingreso en período voluntario, procederase de acordo co previsto nas normas reguladoras do procedemento recador na vía executiva, isto é, as débedas faranse efectivas pola vía de constrinximento, serán exixibles as recargas do período executivo e os xuros de demora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeneral Tributaria e, no seu caso, as costas que se produzan.

As cantidades exixidas serán ingresadas na conta titularidade da Deputación co nº: ES04 2080 0163 8531 1000 0423.

CONCEPTO	IMPORTE
TOTAL IMPORTE PRINCIPAL A REINTEGRAR	10.000,00 €
TOTAL XUROS DEMORA (CALCULADOS A 17.11.2023)	641,87 €
TOTAL	10.641,87€

4º.- Notificar á entidade Cruz Vermella Española o presente acordo”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

35.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 153/2023.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	139/144



“Visto o oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo en relación co Procedemento Abreviado 153/2023/A seguido a instancia de D. Javier Rego Morán fronte a unha serie de actos administrativos ditados en materia de persoal, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración, que deberá remitirse en todo caso con alomenos quince días de antelación ao sinalado para a vista programada para o día 6 de febreiro de 2024 ás 11.00h

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento.

4º.- Ao abeiro do disposto no artigo 38.1 da LXCA informamos da existencia doutro recurso contencioso administrativo no que pode concurrir os supostos de acumulación. Trátase do Procedemento Abreviado 119/2023-A seguido a instancia de Dª María del Pilar Sánchez Monje “fronte a Deputación Provincial de Lugo en impugnación do seguinte acto administrativo:

Notificación recibida por sede electrónica o 16/3/2023 do Servizo de RRHH e Asistencia aos Concello da Deputación Provincial de Lugo, no que se indica a listaxe dos postos de traballo ofertados para elixir pola recorrente no prazo de 10 días con relación ao proceso selectivo para o ingreso como funcionario/a de carreira en 8 prazas/postos denominadas auxiliar sala (BOP 9/5/9/2022).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

36.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 231/2023/S.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto o oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo en relación co Procedemento Abreviado 231/2023/S seguido a instancia de D. José Manuel Diéguez Vázquez fronte á Resolución de data 13-06-2023 ditada pola Deputación no expediente 000389539658 "que desestima el Recurso de

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	140/144





Reposición de esta parte contra el impuesto de vehículos de Tracción mecánica del turismo Simca 1000 matrícula BI 6572 C por importe de 39,36 euros, ejercicio 2022".), á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso- administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

37.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 229/2023- SOCIAL.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

"Visto o Decreto de data 30 de maio de 2023 relativo ao procedemento ordinario 229/2023 seguido ante o Xulgado do Social nº1 de Lugo por D. Uxío Souto Castro fronte á Empresa de Transformación Agraria (TRAGSA) e Deputación en materia de recoñecemento de dereito e reclamación de cantidade no que se acorda admitir a trámite a demanda presentada e se cita ás partes para que comparezan o día 21 de febreiro de 2024 ás 10:15h para a celebración do acto do xuízo.

Visto o anterior, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

A comparecencia desta entidade no procedemento anteriormente referenciado a través dos letrados da Asesoría Xurídica provincial."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

38.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 240/2023- SOCIAL.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

"Visto o Decreto de data 13 de abril de 2023 relativo ao Procedemento Ordinario 240/2023 seguido ante o Xulgado do Social nº4 de Lugo por D. Hugo Fernández Balseiro fronte á Deputación en materia de recoñecemento de dereito, antigüidade e

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	141/144



cantidade, no que se acorda admitir a trámite a demanda presentada e se cita ás partes para que comparezan o día 29 de febreiro para a celebración do acto do xuízo.

Visto o anterior, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

A comparecencia desta entidade no procedemento anteriormente referenciado a través dos letrados da Asesoría Xurídica provincial.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

39.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 247/2023- SOCIAL.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto o Decreto de data 12 de abril de 2023 relativo ao Procedemento Ordinario 247/2023 seguido ante o Xulgado do Social nº4 de Lugo por D. José Manuel Blanco Vila fronte á Deputación en materia de recoñecemento de dereito, antigüidade e cantidade no que se acorda admitir a trámite a demanda presentada e se cita ás partes para que comparezan o día 29 de febreiro de 2024 ás 10:50h para a celebración do acto do xuízo.

Visto o anterior, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

A comparecencia desta entidade no procedemento anteriormente referenciado a través dos letrados da Asesoría Xurídica provincial.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

40.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 345/2023- SOCIAL.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto o Decreto de data 1 de xuño de 2023 relativo ao Procedemento Ordinario 345/2023 seguido ante o Xulgado do Social nº4 de Lugo por Dª Pura Zato Montenegro fronte á Deputación en materia de recoñecemento de dereito e cantidade por vulneración de dereitos fundamentais no que se acorda admitir a trámite a demanda presentada e se cita ás partes para que comparezan o día 4 de abril de 2024 ás 11.00h para a celebración do acto do xuízo.

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	142/144





Visto o anterior, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

A comparecencia desta entidade no procedemento anteriormente referenciado a través dos letrados da Asesoría Xurídica provincial.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

41.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO SEGURIDADE SOCIAL Nº 236/2023.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto o Decreto de data 17 de abril de 2023 relativo ao procedemento: Seguridad Social 236/2023 seguido ante o Xulgado do Social nº4 de Lugo por D. José Antonio Montaña Regueiro fonte á TXSS, INSS e fronte á Deputación en materia de recoñecemento de incapacidade, no que se acorda admitir a trámite a demanda presentada e se cita ás partes para que comparezan para a celebración do acto do xuízo.

Visto o anterior, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

A comparecencia desta entidade no procedemento anteriormente referenciado a través dos letrados da Asesoría Xurídica provincial.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

42.-COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

43.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as Deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	143/144



	IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Fecha y Hora	22/11/2023 14:15:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WULIOPJG7TVMN7T6E4NQ6GM	Página	144/144

